



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Mónica Freire Dosil en calidade de secretaria do Concello de Muros,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 24 de xullo de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

2. Asuntos económicos/contratación:

c) Proposta de inicio de expediente de contratación da obra “Reparacións estruturais no depósito de Esteiro, Muros”, financiado parcialmente por Augas de Galicia (Exp.núm.: 2024/C003/00002)

“Visto que mediante memoria efectuada pola Alcaldía do Concello de Muros 11 de xullo de 2024, detectouse a necesidade de realizar a contratación da obra de a “Reparacións no depósito de Esteiro, Muros”.

Visto que consta no expediente informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente así como emisión da retención de crédito correspondente.

Visto que emitiuse pola Secretaría informe de procedemento sobre a lexislación aplicable, procedemento a seguir, órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato e demais aspectos previstos normativamente.

Visto o informe proposta favorable de Secretaría e o informe de fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

De conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e artigo 117 da LCSP, así como a delegación efectuada pola Alcaldía, mediante decreto núm. 697/2023 de 26 de xullo, publicada no BOP núm. 147 de 3 de agosto, a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria do contrato de obra “REPARACIÓNS ESTRUTURAS NO DEPÓSITO DE ESTEIRO, MUROS”, financiado parcialmente polo ente Augas de Galicia (Exte AU301E2024-3).

Segundo. Aprobar e autorizar o gasto por importe do orzamento de licitación, 62.333,09 €, IVE incluído, con cargo ao saldo de créditos retidos da aplicación orzamentaria 2024/170/61900 do estado de gastos do Orzamento municipal do 2021, prorrogado, no RC 220240004738.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Terceiro. Aprobar o proxecto “REPARACIÓNS ESTRUTURAIAS NO DEPÓSITO DE ESTEIRO, MUROS”, financiado polo ente Augas de Galicia (Exte AU301E2024-3). de data 19 de febreiro de 2024 e aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que consta no expediente.

Cuarto. Publicar o anuncio de licitación na plataforma de licitación do sector público.

Quinto.- Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular os prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

Sexto. Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante.

Presidencia da mesa:

Presidencia: Concelleira delegada de obras e servizos, promoción económica e festexos, participación cidadá e relacións veciñais, ensino e lingua, Laura Eiras Rivadeneira.

Suplente: Concelleiro delegado de persoal e servizos sociais, Mario Martínez Lago

Vogais:

A titular da Secretaría municipal, Mónica Freire Dosil, que actuará como vogal xurídico, ou funcionario/a que actúe como secretario/a accidental.

O titular da Intervención municipal, Francisco Abeijón Núñez, que actuará como vogal ou funcionario/a que actúe como interventor/a accidental.

Secretaría da mesa:

José Manuel Mayo Priegue, funcionario de carreira do Concello de Muros.

Suplente: María Noelia Louro Louro, funcionaria do Concello de Muros.

Sétimo.- Facultar a alcaldesa do concello de Muros para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

E para que así conste, coa excepción do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, ao non terse aprobada a acta e, por tanto, a reserva dos termos que resulten da aprobación correspondente, expido este certificado da orde e co visto e praxe da alcaldesa dona María Lago Lestón na data da sinatura dixital.

Documento asinado electronicamente.